

Ben á sombra,
ben ao sol,
cun bo libro
é mellor.

Recomendacións de lectura
CEIP. Santiago Apóstolo
Franza-Mugardos
Xuño 2020

Bibliotecas
escolares
de Galicia




Educación infantil

1º e 2º de Primaria

Ola! Son un bicho bóla!

Elvira Ribeiro Noelia González
Caamaño
Edit, Apiario

Ola! Son un bicho bóla! É un libro para prelector@s e primeir@s lector@s, para explorar a soas ou ler xunt@s. Un libro para rir e descubrir as habilidades dos bichos bóla que viven ao redor do mundo. Ocorrente e enxeñoso.



Conta Comigo

Miguel Tanco
Edit. Bululú

Todo o mundo ten unha paixón. Para algúns é a música, para outros a pintura. Pero para a protagonista desta historia son as matemáticas. Cando mira o mundo, veas en todas as cousas fermosas que a rodean. Hai quen non entende a súa paixón, pero a ela non lle importa. Hai infinitas formas de ver o mundo, e as matemáticas son unha delas. Un libro sinxelo e humorístico para combater a ansiedade ante as matemáticas. *Na súa web pódese descargar caderniño de actividades*



A araña que lles tiña medo ás arañas

Ramón D. Veiga (Autor/a)
Iván R. (Ilustrador/a)
Edit. Xerais

Un sapo, unha ra, un galo, un lagarto, unha nena. A nada lle teme esta araña intrépida ata que... Un conto de medo e humor onde as risas gañan aos arrepíos.

Rapunzel con piollos

El Hematocrítico
Edit.: Xerais 2ª Edición


Rapunzel pasa o tempo na súa torre protexida de calquera perigo: bruxas malvadas, ogros, lobos... O que non espera é ser atacada polas criaturas máis silandeiras: os piollos! Como ha facer para liberarse deles?



O can de milu

Mariann Máray (ilustración)
Manuela Rodríguez (tradución)
Edit. Kalandraka


Peluso é o gran compañeiro de xogos e de diversión dunha nena encantada coa súa peculiar mascota. O XII Premio Internacional Compostela é unha historia de amor polos animais, amizade incondicional e liberdade



Daniela y las chicas pirata

Susanna Isern e Gómez
Edit.: Nubeocho

As mozas piratas comparten a súa profesión con mozos piratas e todas e todos son iguais de valentes e vldid@s na profesión. Asemade, neste álbum hai outro aspecto a descubrir que non había no anterior: a competitividade, que claramente deixará paso á cooperación, que o verdadeiro tesouro.




3º e 4º de Primaria

5º e 6º de Primaria

Vampira de biblioteca

Ledicia Costas (Autor/a) Víctor Rivas (Ilustrador/a)
Edit. Xerais

Esta non é unha historia calquera. É a miña historia. Preguntarás quen son eu. Chámome Eleonora, son unha vampira e dedícome a papar os insectos que queren roer as páxinas dos libros da biblioteca onde vivo. Así que se es desas persoas que non cre na existencia de criaturas coma min, é mellor que non abras este libro, que o coloques nun andel e te esquezas de todo isto para sempre. Fin. Ou tamén podes atreverte a continuar. Mais para iso debes darme unha mostra de confianza e pasar unha proba. Atréveste?



Viaxe ao futuro
Respostas rápidas para preguntas enxeñosas
Bruno Martínez Tabares
Larousse Editorial

Poderán crearse edificios en 3D? Cales serán as profesións do futuro? Poderemos conectar o cerebro cun ordenador? Todos comezamos a tremer cando un cativo ou unha cativa nos mira directamente aos ollos e abre a boca para dicir: Por que? Con este libro poderán atopar a resposta de seu!



O pintor cego

Xabier P. DoCampo (texto)
Xosé Cobas (ilustración)
Edit. Kalandraga

O retrato máis extraordinario, elaborado coa paleta dos soños e do amor verdadeiro... Unha historia de paixón, vinganza e retos imposíbeis é a obra póstuma de Xabier P. DoCampo, con ilustracións de Xosé Cobas, repletas de referentes pictóricos.



Tres bichicomas, dúas illas e unha serea
Rosa Aneiros
Edit. Xerais

Premio Agustín Fernández Paz de Narrativa Infantil e Xuvenil pola Igualdade 2018
Van ser uns meses terribles! Mais todo muda na aburrida aldea coa chegada de dous nenos, André e Daniel, cos que inicia arriscadas expedicións na procura de corsarios choscas, frotas de flamengos e gatos con cola de dinosauro



Así es la vida?

Tomi Ungerer
Edit. Blackie Books

Por qué os maiores din sempre que non teñen tempo? Por qué existe o diñeiro? Por qué ás veces sintome invisible? Se pode morrer de amor? É interesante morrerse? Por qué nos facemos preguntas todo o tempo?

Sen condendencia, nin paternalismo, nin sobreprotección, as súas respostas son destellos filosóficos de pura intelixencia para todas as idades. Especialmente para os adultos que teñen moito que aprender do neno que teñen olvidado que foron un día.

A proba de auga

Anémona de Río Cómics
I Premio de Banda Deseñada O Garaxe Hermético
Edit. Xerais

Rematados os seus estudos, unha pequena pinga de auga está xa preparada para levar a cabo a súa misión. Pero no seu primeiro día todo ocorre demasiado rápido, perde de vista o seu grupo e esperta nun lugar descoñecido. Terá que reunir valor e internarse nese novo mundo para atopar os seus compañeiros e compañeiras, intentar cumprir co seu cometido e descubrir quen é ese escorregadizo descoñecido que o pon todo patas arriba.



Veo el mundo

Romana Romanyshyn y Andriy Lesiv
Edit. Barbara fiore

Polo seu sofisticado linguaxe visual, o coidado deseño e a información científica chea de detalles inesperados, o dúo formado por "Fuerte, suave, murmurado" y "Veo el mundo" foi galardoado co Bologna Ragazzi Award, categoría Non Fiction, 2018.



Para xogar cantar e bailar en familia



Code master é un divertido xogo de aventura para aprender os conceptos esenciais da programación sen necesidade de ordenador. Para toda a familia a partir de 8 anos. Code Master desenvolve a planificación, o razonamento espacial e outros conceptos máis complexos da programación que fará que xogadores de todas as idades se convirtan en verdadeiros mestres da programación.



Chocolate Fix®
Un delicioso xogo de dedución Usando as pistas, enche a bandexa cos nove bombóns na súa posición correcta. Ao igual que en sudoku, debes examinar todas as pistas do reto antes de facer ningún movemento. Descarta as posibilidades para encher cada surtido, agudizando os teus razoamentos.

Aire
VV.AA.
Edit. Galaxia

Premio Martin Codax de Música Infantil Velaquí a terceira entrega da familia María Fumaça. De novo e coma sempre, un lote de cancións de diferentes estilos pero presididas pola mesma filosofía do primeiro traballo: a alegría de vivir, de ser, de estar no mundo, de compartir. Unha ollada diferente sobre o mundo. Unha ollada mellor. Contén CVD e DVD



As andanzas de Paio
O Viravai
Edit. Galaxia

Paio é un teixugo. Anímaste a viaxar con el polo mundo adiante na procura de ritmos do máis sorprendentes? Con música de primeira e unha Paiopedia coa que vas alucinar!



¿Quién vive aquí?
"O GRAN JUEGO DA DIVERSIDADE"
12 xogos nun Maletín con 12 divertidos xogos que fusiona o lúdico co educativo. Para idades entre 3 e 12 anos. Inclúe doce xogos moi divertidos de diferentes niveis de dificultade, polo que está recomendado para idades entre los 3 e os 12 anos. Según a dinámica dos diferentes xogos pode ser utilizado tanto de maneira individual como en grupo.

